

Actividades de Inglés para 6º curso de EP: semana do 27 de abril ao 1 de maio :

Bos días a [tod@s](#):

Espero que [tod@s](#) esteades ben. Cada vez queda menos para que nos vexamos todos. Tede paciencia e moito ánimo, que todo isto pasará.

Sei das dificultades que tedes algúns para facer as actividades, por ter problemas para acceder a internet. Según se vaian solventado, espero a chegada das vosas actividades.

Os recordo que **seguimos traballando a través do Edixgal**, onde hai un foro para comunicarse comigo se tedes dúbidas. Ademais hai uns enlaces para practicar o vocabulario do tema.

Aquí tes as actividades que vos proponho para esta semana e imos a dividilas en 3 sesións como tiñamos cada semana, como suxerencia de traballo.

PRIMEIRA SESIÓN DE INGLÉS

1. Repasa os nomes das partes do corpo → [Video with a song to review "Body Parts"](#)
2. Fai esta ficha on line → [Do this exercise on line about "Body Parts"](#)
Cando a remates, clicas co botón dereito e lle das a imprimir e vas a "Destino" e lle das a opción de gardar coma PDF e a gardar, poñendo o teu nome de primeiro e logo o nome da ficha. Desta maneira poderás enviarmos posteriormente.
3. Envíame a ficha anterior → [Send me the exercise on line about "Body Parts"](#)
Para enviarme a ficha anterior logo de clicar na man ou no nome da actividade ([Send the exercise online about "Body Parts"](#)) so tes que seleccionala ou arrastrala a onde che pon alí.

SEGUNDA SESIÓN DE INGLÉS

1. Repasa como usar el futuro con "to be going to" no [Video to review "The Future With To Be Going To"](#)
2. Fai esta ficha on line → [Do this exercise on line about "The Future With To Be Going To"](#)
3. Envíame a ficha anterior → [Send me the exercise online about "The Future With To Be Going To"](#)

Nota: Tes que facer como expliquei na **PRIMEIRA SESIÓN** para enviarmos.

TERCERA SESIÓN DE INGLÉS

Propoñoche 2 opcións para que elixas unha:

1. Make a card for your mother. Baixo a supervisión dun adulto e aproveitando que o próximo domingo é o Día da Nai, podes facer unha tarxeta para túa nai ou a persoa que coida de ti e regalarilla. Podes inspirarte en Edixgal no enlace que atoparás así → [Make a card for your mother](#).

Podes escribirlle algunha destas mensaxes afectuosas:

For my mother, with love (para miña nai, con amor).

To my mom, thank you (a miña nai, grazas).

For my mom, Mother's Day should be every day (para miña nai, o Día da Nai debería de ser todos os días)

Ou si o prefires e un adulto che pode supervisar e axudar:

2. Make a frame for a photo (fai un marco para unha foto). Neste enlace hai moitas ideas para que escollas a que mais che guste e o atoparás así en Edixgal→[Make a frame for a photo](#)

Insisto en que podedes **contactar** comigo **a través do foro do Edixgal**, pero se atopades algún problema para facelo tamén vos deixo un correo electrónico de contacto:

olga.ceip.ribeira@gmail.com

Se por algún motivo ou circunstancia determinada non puideras traballar ou entrar no Edixgal, contactades comigo a través do correo electrónico tamén.

